



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 03 DE ABRIL DE 2017.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PLAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (P P)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (P P)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (P.P.)

D^a MIRIAM PRIETO VALDES (P.P.)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (P.P.)

D.^a SERAFINA VARELAS VIEIRIA (D.O)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

Secretaria Accidental

D^a M^a Esther Castro Vázquez

Ausentes:

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (P P)

No salón de Plenos da Casa do concello de Barbadás, sendo as 19:30 horas do día 07 de abril de 2017 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, M^o Esther Castro Vázquez

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS ORDINARIAS DE 11/01/ 2017 E 06/02/2017.

O sr. Alcalde toma a palabra: Dado que son as sete e media pasadas empezamos o pleno. O primeiro punto da orde do día das actas anteriores, que son a de xaneiro 2017 e a de febreiro 2017. Algunha cuestión que indicar sobre as actas. ¿Nada? Sometese a votación polo tanto, votos a favor da acta de xaneiro de 2017 e de febreiro de 2017.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Aprobación das actas anteriores de 11/01/2017 e 06/02/2017”

2.- DECLARACIÓN DE SERVIZOS PRIORITARIOS PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS AUXILIARES DE POLICÍA PARA A TEMPORADA DE VERÁN.

O sr. Alcalde toma a palabra: O segundo punto da orde do día, declaración de servizos prioritarios para a contratación de dous auxiliares de policía para a temporada de verán. Como vostedes saben a lexislación prohibe a contratación de persoal temporal excepto para cubrir necesidades urxentes e inaprazables sempre que afecten a servizos públicos esenciais. Creo que todos e todas nós podemos concordar en que a policía local presta uns servizos básicos e esenciais para o bo funcionamento, o noso funcionamento da vida comunitaria que ademais somos conscientes todos e todas da precariedade da súa plantilla. Para este ano está orzamentada a incorporación de dous auxiliares de policía durante tres meses para reforzar os servizos existentes. Esta incorporación será idéntica á que se levou a cabo o ano pasado, que pretende cubrir esas necesidades básicas do servizo durante os tres meses de verán nos que ademais os demais efectivos teñen prevista a súa quenda de vacacións. Aquí teñen toda a documentación que fai referencia á urxencia como servizo prioritario, a necesidade de contratación de persoal laboral temporal. Penso que é unha argumentación sólida e coherente, consistente, e queda sometida a debate. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra (CxB): Boas tardes. Nada, dicir que simplemente como xa estaba previsto nos orzamentos a contratación destes auxiliares, igual que o ano pasado e visto o déficit que temos no tema da policía local, estamos de acordo en que se fagan estas contratacións.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira de Democracia, a voceira de Democracia Orensana. O hábito de voceiro ou voceira



A sra. Varelas toma a palabra (DO): Boas tardes aos compañeiros porque público... Bueno, esta chica fai máis ca de público, que nos grava, entón, público hoxe non temos. Pois, en cuanto a nós estamos de acordo na contratación, porque bueno, de feito hai bastante escaseza de policía locais. Por exemplo, nas festas da Valenzá xa temos escaseza, incluso aínda que contratemos a estas dúas persoas. Entón, nós estamos de acordo con isto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra (PP): Boa tarde a todas e a todos, público, compañeiros. Vamos a ver, nós estamos totalmente de acordo, porque sabemos da carencia que temos de efectivos na policía local, sobre todo nos meses en que máis se incrementa a poboación no noso concello, que son os meses do verán. Máis de acordo cando se está levando isto dentro dos prazos establecidos, non sei si se lembrarán vostedes que o ano pasado andivemos xustiños e rozando o prazo que establecía a Academia Galega de Seguridade para formar aos efectivos. E o que si, vou a requirir que se fagan as probas, se axilicen porque a convocatoria da formación vai ser a finais deste mes ou a principios do mes de maio. Si que compresinalar, un par de cuestións que aínda que meramente son un erro no corta e pega, na análise da situación económica municipal e nas bases de contratación. Creo que xa o dixemos hai un ano pola mesma contratación pero ímolo a reiterar. Nós o que pretendemos é que cando se nos da unha información, e se nos dan uns informes sexan ao menos veraces. Na análise da situación económica, no corta e pega, ponse a estimación toda económica do ano 2015, e debería ser a do 2016. Pero á a do 2015, non é a real, á data de hoxe, ¿vale? E despois, nas bases de contratación insistimos tamén unha vez máis como fixemos hai un ano que se aplicarán os procesos de selección as bases xerais de contratación de persoal. Todos sabemos que isto leva unha convocatoria e unhas bases específicas para a contratación, non pode figurar nun informe que se utilizarán as bases xerais do concello. Simplemente iso, e imos estar de acordo porque como dicía ao principio sabemos da carencia de efectivos. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Como resposta a súa intervención dicirlle que hai unhas bases específicas, que así se negociou incluso cos sindicatos. ¿Vale? ¿Votos a favor?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:
“Declaración de servizos prioritarios, urxencia e necesidade para a contratación de dous auxiliares de policía para a tempada de verán ”.



3.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS PARA IMPULSAR UN ACORDO URXENTE DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS NO CONGRESO DOS DEPUTADOS PARA A TRAMITACIÓN E A APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO DO ANO 2017

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao terceiro punto da orde do día que é a moción do Partido Popular de Barbadás para impulsar un acordo urxente dos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados para a tramitación e a aprobación dos orzamentos xerais do estado do ano 2017. Ten a palabra a voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): Boas tardes a todos e a todas. A moción para impulsar un acordo urxente entre os Grupos Parlamentarios no Congreso de Deputados para tramitación, aprobación dos orzamentos xerais do Estado 2017. Grazas á Lei de Racionalización e Sosteñibilidade da Administración Local de 2013 e o resto de normas e medidas aprobadas a favor das corporacións locais polo goberno do Partido Popular, o conxunto das entidades locais está en superávit a inmensa maioría dos concellos españois cumpren coas súas obrigas de pago.

Deste xeito desmontouse o inxusto estigma de despilfarro co que se etiquetara aos gobernos locais. Este conxunto de medidas serviu para darlle pulo a un modelo de administración que estimula a boa xestión ao servizo do cidadán. Máis de o noventa por cento dos concellos teñen superávit. As entidades locais, isto hai que remarcalo, son as administracións máis eficientes e máis eficaces na xestión pública. En consecuencia hai que corresponderlles con decisións e medidas que faciliten a súa laboura, como a revisión e a flexibilización da regra e do teito de gasto. É xusto facer valer a necesidade de contar con mecanismos actualizados de xestión que permitan reinvestir este superávit con maior flexibilidade suavizando a aplicación da regra do gasto, mellorando o ratio da taxa de reposición e todo elo para seguir prestando e mantendo os servizos públicos locais, aumentando a súa calidade e en definitiva favorecendo a creación do emprego. Toda esta planificación pódese vir abaixo se non se aproban e entran en vigor as grandes liñas mestras da economía española a través de orzamentos xerais do estado, e todo o con- querido ata agora podería sufrir un retroceso imperdoable, do que serían os cidadáns os principais prexudicados, e dentro deles os máis desfavorecidos que son os máis directamente beneficiados polas políticas locais. Pero non só iso, sen orzamentos non se pode investir o superávit municipal, o que sen dúbida irá no detrimento da creación de emprego, do mesmo xeito a falla de aprobación da Lei de Orzamentos está dificultando a xestión do fondo de financiación, creado polo Goberno para atender necesidades financeiras dos gobernos locais. Por elo, o Grupo Municipal do Partido Popular de Barbadás



eleva ao pleno a aprobación do seguinte acordos:

- 1.- Sentar as bases e alcanzar os acordos necesarios para permitir chegar a aprobación definitiva da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017.
- 2.- Impulsar un amplo acordo para lograr a reforma do financiamento local que cumpra coas expectativas dos gobernos locais reclamados durante longo tempo, para o seu coñecemento, acórdase finalmente trasladar esta petición á vicepresidencia do Goberno de España, ao Ministerio de Facenda e Función Pública e aos voceiros dos Grupos Parlamentarios do Congreso e do Senado. De momento, nada máis na primeira intervención. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Chelo Vispo. Señor Padrón, está no súa quenda de palabra.

O sr. Padrón toma a palabra (CxB): Imos ver. Eu pensei que ían a retirar a moción, non a ían a presentar, porque falan aquí de instar aos grupos políticos a que cheguen a un acordo para o tema dos orzamentos xerais, cando as últimas informacións que hai, xa hai acordo no Congreso dos Deputados, case cerrado para que haxa uns orzamentos. Aínda o dixo o señor Rajoy que lle faltaba medio deputado para chegar aos cento setenta e seis. Entón eu pensei que xa ían retirar, porque xa non ven a caso. Aparte que xa presentaron tamén na Deputación. Pero bueno, ao parecer preséntana. Din aquí que, falan de que é moi necesario porque os cidadáns necesitan eses ingresos, bueno quero recordar que se presentou aquí unha moción hai pouco para instar ao Goberno Central a que por medio, bueno, xa llo estaban reclamando a Federación de Municipios e Provincias, tanto a estatal como a galega, para que se arreglara o tema da regra de gasto para que os concellos puideramos gastar o superávit que xeramos cada ano sen necesidade de facer todas esas operacións que nos fan facer, o señor Montoro. Agora preocúpalle o tema do, xa digo, que se arranxe todo isto para que os cidadáns teñan, as corporacións locais, o sexa os concellos, teñamos recursos para dar todos eses servizos, sen embargo, lémbrolle que nos primeiros orzamentos que se aprobaron aquí co novo goberno, vostedes votaron en contra o que nos puido condenar a este concello a dispor de 700.000 euros menos, que houberan redundado en menos servizos á cidadanía. Polo tanto, pero bueno, benvidos a que queiran agora que teñamos máis recursos para dar servizo aos cidadáns. De momento nada máis, pero bueno, unha vez que presentan a moción e non a retiraron, pois nada, no segundo quenda pois faremos algunha engádea a súa moción porque xa que imos mandar esta misiva alá a Madrid, pois aproveitar a viaxe e mandar unhas cantas peticións máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón. A voceira de Democracia Orensana. Señor Tenente Alcalde, tres minutos, todos.



O sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Pois o Grupo de Goberno vai botar en contra desta moción porque entendemos que isto responde a un intento de falsear a realidade que nos trae hoxe o Partido Popular aquí, e encuberto baixo unha redacción de boas intencións algo que supón todo o contrario para os intereses deste país. Primeiro falan vostedes do inxusto do despilfarro na administración local e grazas ás medidas aplicadas polos gobernos do Partido Popular conseguíronse evitar que haxa débedas nos concellos. Mire, non lle foi grazas ás medidas do Partido Popular. Foi que o goberno do estado español obrigou ás comunidades autónomas e aos concellos a gastar menos diñeiro mentres eles seguían derrochando diñeiro, posto que o déficit público español paso do 61% do PIB a máis do 100% do PIB. Ademais aplicando recortes nunca vistos na historia do estado español. Recortes en sanidade como falta de vacinas, faltas de terapia para hepatite C, privatizacións encubertas, catálogo de medicamentos do sistema público español retirados do sistema de gratuidade de pensionistas ou de subvencións para o resto da poboación, tratamentos intrahospitalarios para enfermidades crónicas pagadas, peche de centros de ensino escolar, sempre no ensino público, nunca no privado, concertos con colexios privados por máis de 1.500.000 euros, peche de máis de 176 unidades en infantil e primaria nos colexios públicos, menos de 2.500 profesores e profesoras ten hoxe Galiza respecto ao ano 2009, e todo isto grazas ao Partido Popular. Todo isto grazas ao Partido Popular. Cando o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista aprobaban conxuntamente os orzamentos do estado español, alá polo ano 2008 / 2009 / 2010, Galiza contaba co 6% do total da poboación do estado español e tiña uns ingresos anuais de 205 mil millóns de euros, perdón de 2.005 millóns de euros, de 2145 millóns de euros e de 2.021 millóns de euros. Esa era a razón pola que o Partido Socialista no estado español e Bloque Nacionalista Galego se apoiaban para aprobar os orzamentos. Agora que goberna o Partido Popular o diñeiro que se adica a Galiza nos dous últimos anos, pasou de 2.021 millóns a 1.385 millóns para Galiza, no ano 2016. E 1363 millóns no ano 2017. E vostedes nos están pedindo que aprobemos estes orzamentos. Mire, se tiveran un pouco de vergoña, isto non llo enviaban ao señor Rajoy. Isto llo mandaban ao sr. Feijóo e lles dicía que fagan valer os intereses do noso país como fan valer os cataláns, os vascos, os canarios e os navarros, que son os que van a apoiar as contas do señor Rajoy en Madrid, a cambio, Cataluña, 4.000 millóns de euros máis, o goberno vasco, un montón de cousas máis, o Partido Nacionalista de Navarra, o mesmo. Coalición Canaria, o mesmo. ¿Que é o que tran vostedes para Galiza? Deixo esa pregunta no aire a ver se ma contestan.

O sr. Alcalde toma a palabra: Sra. Chelo Vispo. Agora penso que son dous minutos. Despois ten unha quenda adicional.



O sr. Fírvida toma a palabra : Son tres Xosé Carlos. Ela ten tres.

O sr. Alcalde toma a palabra: Tres, tres, si a expositora da moción.

A sra. Chelo Vispo toma a palabra: Bueno, vou a empezar polo señor Padrón. Mire, nós non aprobamos eses presupostos non foi por iso, ¿entende? Recordo, se quere traémoslle a acta dos presupostos. Vostedes vanse ao pasado. Nós por que non aprobamos iso, porque se podía automaticamente recuperar esos 700.000 euros doutra maneira. Traíamos outras propostas para mellorar o presuposto. Non foi por ese motivo, ¿vale? Segundo, señor Fírvida, gústame o discurso que deu de números, números, números, e que toda a culpa é do Partido Popular. Agora mesmo, acábolle de ler que case a maioría do 90 % dos concellos, grazas a esas medidas do Partido Popular ten superávit. O sexa, dáme igual o que vostede me diga e dáme igual o que vostede diga. Porque mire, nós de momento, neste caso pode dicir que o Partido Socialista e o Partido Popular aínda podemos pedir axuda aos nosos compañeiros que temos de representación en Madrid, pero creo que vostede non. ¿Entende? Entón, xa non vou a dicirlle nada ao señor Padrón, e á señora Fina Varelas porque loxicamente estamos nun concello, ¿vale? E eles representan a poboación que lles votou, pero vou ata vostede, non teñen representación para poderlle pedir que si se aproben os orzamentos xerais. Como dicía o señor Padrón, de momento non están aprobados, por iso trouxemos a moción que si a levamos á Deputación tamén, e a que queremos traer aquí, ¿vale? Pero mire, voulle ler algo para que agora saiban porque se non se aproban os presupostos que pode pasar. A prórroga orzamentaria, e isto é da Lei, voulle ler para que o saiban, porque creo que ningún de vostedes se parou a que se non se aproban os presupostos non se vai poder utilizar o superávit dos concellos. Eu non sei se son coñecedores deste tema. Entón, a ver, o que si traemos esta moción para que dende aquí se apoie. A prórroga orzamentaria dos Presupostos Xerais do Estado 2016, implica que non se poden reinvestir o superávit nas condicións actuais, senón que soamente se poderá destinar á amortización de débeda. Isto é así porque os Presupostos do Estado para o 2016 mantívose a prórroga da Disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, que establecía regras especiais para o destino do superávit presupostario das entidades locais, nós, sempre que estas cumpriran con determinados requisitos: non superar os límites que fixe a lexislación reguladora das facendas locais en materia de autorización de operacións de endebedamento, e presentar no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas xerais que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira de dita Lei. Así que sen os Orzamentos Xerais de 2017 non hai prórroga



O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo. Van os minutos.

A sra. Chelo Vispo toma a palabra: Xa acabei. Da Disposición Adicional sexta, citada, non hai posibilidade algunha de reinvestir o superávit nin inversións financeiramente sostibles, nin en ningunha outra inversión. So poderá ser destinado á amortización de débeda. Iso é o que nos importa aos concellos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar señora Chelo

A sra. Chelo Vispo toma a palabra: ¿Vale? ¿Non sei se a vostedes non lles importa? Grazas

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede.

O sr. Padrón toma a palabra : Mire, iso xa mo leu a interventora ao mes de estar eu aquí. Entón xa son perfectamente coñecedor diso. Do que me acaba vostede de ler. Non veña dicindo que tiñan vostedes propostas. As propostas había unha realidade. O concello estábamos recadando 6.200.000 euros se nos aprobaban os orzamentos e se prorrogaban os que había, traballaríase cos cinco millóns e medio pasados, nada máis. Iso era o que había. Iso resolvíase nun día. Vostede fala aquí de propostas, ¿de que? De que fala? De nada. Logo, recordarlle ao señor Fírvida que tamén están os asturianos polo medio. Pero nada, os orzamentos xa están máis ca pactados. O señor Rajoy xa ten pactado co PNV, cos cataláns tamén, xa viu que foron alí con 4.000 millóns, pero bueno, para ternos un pouco contentos xa veu aquí hoxe a Soralla, e darnos 200 e pico millóns, 247. Manda truco. E con iso xa nos contentamos e tal. Vostedes din que teñen representación, pois mire, vale máis a representación, é unha pena, porque hai moitos galegos tanto no Partido Popular coma no Partido Socialista en Madrid, pero é unha pena que ao final consiga máis un deputado de Canarias, e outro medio deputado que lle presta o PSOE, ou deputado enteiro que tamén é de Canarias, e dous ou tres, non sei os que hai de Navarra, ca pintan todos os deputados que hai galegos con todo o señor Feijóo, con todo o goberno que temos alí, PP, en Madrid, PP en Galicia, e PP na Deputación. Entón, non imos falar máis de tonterías. Eu xa digo, eu aproveitando que si se aproba isto. Pero bueno, eu si aceptan unhas engádeas, eu non teño ningún problema en aprobalo. Entón, suxírolle un punto tres. Teñen o un, o dous. O tres, instar aos grupos con representación no Congreso dos Deputados, a alcanzar os acordos necesarios para levar a cabo unha reforma da Constitución, que sería a supresión das Deputacións e do Senado. Eses traballadores e eses servizos das Deputacións serían asumidos, escoite, escoite, se queren aceptar, senón. Eses traballadores e eses servizos das Deputacións serían asumidas polas Comunidades autónomas e os municipios. Que se sometan a referendun esas grandes cuestións que nos afectan a todos e que non as pacten de noite entre os dous grupos maioritarios deste país. Eh! Que despois aféctannos a tódolos cidadáns tamén. E logo que se leve a debate o tema do Xefe do Estado, que se someta tamén a referéndun, si estamos de acordo en telo ou non . Non porque sexa



fillo de quen é xa pase automaticamente a ser Xefe do Estado. E logo xa postos tamén, a pertenza ou non á Unión Europea, ou declarar a España un estado plurinacional. E mire, eu xa aproveitando o viaxe disto,

O sr. Alcalde toma a palabra: Estáselle acabando o tempo

O sr. Padrón toma a palabra: Instamos aos grupos políticos a que se poñan de acordo nestas cousas todas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Estáselle acabando o tempo. Moitas grazas. Señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Bueno, vou a aclarar porque antes non intervín. Por unha cousa moi sinxela. Non perdo o tempo en tonterías. Así de clara e rotundamente o digo. Porque tanto instar, tanto instar, cando vostedes están gobernando en España, teñen ao señor Feijóo na Xunta. Eu penso que si queren facer as cousas os do PP non teñen que instar a nada, porque pódeno facer sen contar, por desgraza, connosco. Entón, eu claro que sei cales son os meus votantes, e débome a eles, e por iso mesmo non lles vou facer perder o tempo en tonterías. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas.

O sr. Fírvida toma a palabra : Pois eu por unha vez e sen que sirva de precedente subscribo todo o que dixo o portavoz de Compromiso por Barbadás. Absolutamente todo. Estou de acordo completamente. E cando lin esta moción, a verdade que eu tamén tiven a tentación de facer unha modificación dos acordos e presentar unhas emendas, pero entendín que por respecto ao Partido Popular non debería facelo, porque iso ía provocar desvirtuar a moción orixinal do Partido Popular como se fai noutras administracións por certo, onde hai maiorías absolutas, Deputación de Ourense por exemplo, e nós non queremos entrar nese xogo e respectando esta moción preferimos votala en contra e non enchela de emendas para non modificar nada. En todo caso, home non nos recorden o que temos pendente aquí no Concello de Barbadás, respecto aos orzamentos. Non é so o diñeiro do remanente de tesourería se non cumprimos a regra de gasto, tamén é a aplicación do 0.92% e o coeficiente redutor dos valores catastrais no noso concello que implicaría que os veciños e veciñas de Barbadás pagasen un 8% menos de IBI neste concello, este ano e os vindeiros. E se non se aproban os orzamentos do estado non vai a ser posible. Polo tanto si que nos xogamos máis cousas, non so no concello senón tamén a veciñanza. Pero non imos caer no seu xogo. Din vostedes que non temos representación en Madrid. Ten toda a razón do mundo. Esa é a gran lástima de Galiza. Porque cando Galiza tiña de representantes o Bloque Nacionalista Galego, Galiza tiña voz propia en Madrid e deixou de tela cando o BNG deixou de ter representación. Mire, un 35% menos de orzamentos desde que o BNG non ten representación en Madrid e non negocia os orzamentos co Partido Socialista. Pasamos de 2.021 millóns a 1.361 millóns, un 35% menos de orzamentos para este



país. Parécelle a vostede pouco o que conseguía o Bloque Nacionalista Galego. Consegúa que tivéramos financiación o 9% dos orzamentos do estado español cando contábamos co 6% da poboación do estado español. Hoxe estamos moi por debaixo

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar

O sr. Fírvida toma a palabra: Da porcentaxe de esa poboación. Bueno, en definitiva, nós imos votar en contra porque entendemos que isto é un xogo, que nos veñen vostedes a facer ver que o fan polo ben do concello de Barbadás para que poidamos usar o remanente de tesourería, e ao final o que veñen é a mendigar un voto, que vaia o señor Feijóo a mendigalo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Está no seu turno de palabra señora Chelo. Ten un minuto nesta última intervención.

A sra. Vispo toma a palabra: Señor Padrón, sinceramente, como comprenderá non imos aceptar esa emenda, veíao claro, ¿non? Pero mire, o que non lle vou consentir, porque creo que debe retiralo polos veciños de Barbadás que lle votaron tanto a vostedes como a Democracia Orensana, chamarlle tonterías aos Orzamentos Xerais do Estado. Despois nas actas verase. Vostede dixo que era unha perda de tempo, igual que acaba de dicir o señor Fírvida. E despois dona Fina Varelas, non se preocupe que con todo o que temos que sacar de Democracia Orensana, de que non lles interesa, de que non sei, e de que o que deixan de saber e das tonterías que dicimos os demais Grupos, non se preocupe que si os seus votantes se van enterar. Porque creo que os Orzamentos Xerais do Estado, como acaba de dicir o señor Fírvida, lle vou dar a razón. Non me paso do minuto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Xa se pasou, pero bueno.

A sra. Vispo toma a palabra : O que dixo o señor Fírvida, e voulle dar a razón. Isto incumbe a tódolos veciños de Barbadás que se aproben, polo que acaba de dicir vostede mesmo, polo tema do catastro, que non o íamos a tocar, pero tocouno vostede. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. O señor Tenente Alcalde fixo un relatorio moi elocuente e moi atinado das consecuencias dos recortes do Partido Popular, do goberno de Rajoy. Non foi outro goberno o que aplicou aquí istos recortes. En primeiro lugar o que ten que facer o Partido Popular, o goberno do señor Rajoy, non é outra cousa que elaborar un proxecto de Lei de Presupostos Xerais do Estado, que non está presentado, que está soltando retazos a diestro, a siniestro en Cataluña, en Canarias, e tal, a ver se convence a alguén. Pero que desmantelen esos Presupostos Xerais do Estado as contra reformas levadas a cabo desde o ano 2012. E de maneira especial as que resultaron da Lei, como vostede ben dixo, da Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local. ¿Que supuxo esa Lei?



Vostede fixo un relato marabilloso de que iso axudou a que a administración local funcionara e aforrara. Bueno, pois ese foi o maior ataque á autonomía local de toda a historia da democracia española, e que incluía modificacións das limitacións fixadas pola Lei de Estabilidade Orzamentaria, como ben dixo o señor Tenente Alcalde, o teito de gasto e as trabas para a inversión do superávit local. E non hai moito tempo, señores do Partido Popular, señores e señoras do Partido Popular, ese partido, o seu partido, rexeitou no Congreso a derogación desta Lei. Hai pouco tempo, rexeitaron a derogación da Lei. Entón sexan consecuentes, por un lado queren que se poda investir este diñeiro, pero despois resulta que cando hai unha proposta vostedes votan en contra. E iso é unha grave regresión para os concellos. Esta lexislatura debe acometer a aprobación dunha nova lei local, contando co conxunto do seu grupo parlamentario, iso si que é certo, do Congreso, pero negociando coa FEMP, neste caso e cos concellos galegos a través da Federación Galega de Municipios e Provincias. Unha norma que non estea suxeita a vaivéns das lexislaturas, elaborada con vontade de acordo e que reforce a capacidade de autogoberno e de autofinanciación dos concellos. E segundo, o que debe facer o señor Rajoy é negociar para dar resposta no marco do grupo de expertos que se creou tamén non hai moito tempo, para o financiamento das demandas dos concellos. Insisto, de novo a través das Federacións de Provincias e Municipios, para prestar servizos públicos de calidade. E vostede como voceira do Partido Popular, hai un momento, mencionou a citada Lei. A citada Lei, vamos, vostede mesmo fixo un canto ao derrotismo. Ao derrotismo total e absoluto. ¿Votos a favor da moción do Partido Popular? ¿Abstencións? ¿Votos en contra? Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos a favor Partido Popular, os votos en contra do PdsG-PSOE, do BNG, e do Grupo Mixto e cas abstencións de Democracia Ourensana o seguinte acordo: “ **Moción do Partido Popular de Barbadás para impulsar un acordo urxente entre os grupos parlamentarios no congreso de deputados para a tramitación e aprobación dos orzamentos xerais do estado do 2017**”.

4.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS SOBRE A CATALOGACIÓN E POSTA EN VALOR DAS FONTES, LAVADOIROS E MANANCIASIS DO MUNICIPIO

O sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día, é a moción do Partido Popular de Barbadás sobre a catalogación e posta en valor das fontes, lavadoiros e mananciais do municipio. Ten a palabra o seu voceiro ou voceira.



O sr. Fernández toma a palabra: Grazas señor Alcalde. A cultura tradicional da auga na zona rural de Barbadás levounos nos múltiples pobos que a compoñen, a algunha das obras civís máis características da factura tradicional, as fontes e os lavadoiros. Hai moitos anos, a súa recuperación e conservación dependeu en grande medida do importante traballo realizado polos veciños ou por agrupacións parroquiais de todo tipo, pero co envellecemento e a despoboación dos núcleos rurais esta adicación foi desaparecendo, sobre todo nos pobos máis pequenos. Durante os gobernos do Partido Popular en Barbadás, sabedores da riqueza patrimonial e etnográfica que supoñen, leváronse a cabo neles múltiples actuacións encamiñadas á súa restauración, protección e posta en valor. Dentro destes bens colectivos tamén poderíamos incluír, como non podería ser doutro xeito, os mananciais, que aínda con amparo xurídico distinto, habería tamén que polos en valor. Que durante anos serviron e axudaron aos nosos nas súas tarefas cotiáns e entendémolos tamén como bens tradicionais. Na actualidade, moitas destas construcións, amosan un estado lamentable de abandono, deixadez e falta de mantemento que ameaza incluso coa súa desaparición, pois a maleza fíxose dona delas e da súa contorna. Cada vez son máis os veciños e veciñas que mostran o seu interese en usalos e vimos de constatar a súa preocupación pola potabilidade das súas augas, xa que por parte do concello non se da ningunha información sobre as analíticas periódicas das mesmas. E con isto non nos referimos a colgar algún simple papel carente de información axeitada e coa única pretensión de agochar calquera tipo de responsabilidade. É obriga do concello de informar sobre a potabilidade das augas, das fontes para o consumo humano, é ao día de hoxe dispoñemos dunha magnífica ferramenta como é a páxina web do concello. Esta moción, o que busca é establecer unhas liñas xerais para a protección das fontes, lavadoiros e mananciais polo antedito, pola protección e proxección turística que pretendemos para o noso concello, e pola alta posibilidade de que a despoboación continúe se non lle pomos freo. Por elo presentamos para a súa aprobación neste pleno os seguintes acordos:

- 1.- Que por parte do concello se realice un catálogo das fontes, lavadoiros e mananciais existentes no municipio, incluíndo a súa situación e o estado e uso de conservación. Utilizando para elo a memoria colectiva, incluír o correspondente ano de construción, nome orixinal e feitos singulares de ser o caso.
- 2.- Proceder a elaboración dun claro programa de rehabilitación destes bens municipais e da súa contorna, para elo habilitar as partidas orzamentarias correspondentes tendo en conta tamén a captación de subvencións noutras administracións.
- 3.- Xestionar dende o concello un plan de limpeza, acondicionamento e mantemento das fontes, lavadoiros e mananciais públicos, utilizando para elo o persoal municipal incrementado recentemente,



para que non supoña un gasto a maiores nas arcas públicas.

4.- Realización das analíticas pertinentes coa periodicidade que establece a propia lei, así como que en cada fonte cun cartel adaptado á normativa se dea conta de se é potable ou non. Solicitamos a publicación deste resultado na páxina web do concello para que tódolos veciños e veciñas podan acceder á información.

5.- Para darlles “un plus” ademais de protección propoñemos incluílos no catálogo de planeamento urbanístico que é o que lle outorgará a protección xurídica deste tipo de bens.

O sr. Alcalde toma a palabra: Acabou o seu tempo xa pero prosiga, remate a súa intervención.

O sr. Fernández toma a palabra: Xa remato señor Alcalde, dous acordos nada máis.

6.- Organizar roteiros de sendeirismo, percorridos turísticos a través destes lavadoiros, fontes e mananciais, recintos de gran contido sociolóxico, etnográfico e rexistro da historia do concello e sinalizalos axeitadamente.

7.- E para rematar, devolverlles un torrente hídrico axeitado ás fontes que actualmente carecen del, ou que non teñen uns parámetros óptimos, ben sexa polo abandono ou polo paso do tempo. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, estamos de acordo co espírito da moción, con todo o que se plantexa, sen embargo parécenos que certas cousas debíanse simplificar un pouco, porque nos parece. Nalgunhas cousas estamos de acordo e noutras non. Nós xa trouxemos no seu día unha moción na que se incluía tamén, era máis extensa, doutras cousas, pero incluía tamén o tema da limpeza e de saber si as augas que teñen as nosas fontes son ou non potables, ou polo menos saber si polo menos, que tiveran un cartel que puxera que non era potable. O tema da potabilidade, pois é, hai unhas que teñen unhas augas con unhas características, outras teñen augas con outras características que segundo as analíticas que se fagan, poden seguramente ningunha dará potabilidade. Pero bueno, polo menos que se poña un cartel a que non é potable porque presenta materiais pesados, ou que si que fan, son prexudiciais como pasou co tema da auga de Loiro, e que se poñan carteis de que non son potables. Polo tanto e sen estenderme moito, nós para aprobar a moción, do Partido Popular, estaríamos de acordo co primeiro punto, e diríamos a maiores, informar da súa situación na páxina web e nos folletos das rutas de sendeirismo que elabora o concello. Logo o punto dous, tres, catro, redactaríamolo da seguinte maneira, manter estes lavadoiros limpos e adecentados cun cartel de auga non potable se é o caso. E logo para nós o punto cinco e o seis, non serían importantes, e si estaríamos



de acordo co punto sete. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Para aclararnos un pouquiño tamén. Vostede o que pretende ou o que solicita do Partido Popular é modificar ou eliminar certos puntos.

O sr. Padrón toma a palabra: Si eliminaríamos o punto cinco e seis. Estaríamos de acordo co punto primeiro, engadindo, informar da súa situación na páxina web e nos folletos de rutas de sendeirismo, e o punto dous, tres e catro, resumiríamolo neste párrafo: manter estes lavadoiros limpos e adecentados cun cartel de auga non potable se é o caso. Ese sería a nosa proposta. E dicir, que bueno, na exposición de motivos onde din vostedes que leváronse a cabo neles múltiples actuacións encamiñadas a súa restauración, protección e posta en valor, pois bueno, sería dalgúns, porque outros, ou non sabían onde estaban, ou, porque vamos. Se ven como estaban aínda hai pouco, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. A voceira de Democracia Orensana ten a palabra.

A sra. Varelas toma a palabra: Esta moción vémolaa axeitada totalmente, punto por punto. É unha moción interesante, sobre todo o punto que máis resalta para o meu entender é a analítica das augas, porque iso é moi importante que estean analizadas, independentemente do custe que sexa para o concello. Porque é certo que algúns veciños seguramente xa saberán como están as augas dos seus pobos, pero hai xente que ven de afora, ponse a beber, e non ten que saber como están as augas. Aquí habería que periodicamente analízalas, e telo exposto, aparte na páxina web, na fonte mismamente, porque a saúde pública, para min é das cousas máis importantes. Non lle podemos chorar diñeiro por moito que isto custe. Aparte tampouco creo que sexan sumamente caras, porque unha analítica con 27 euros por fonte faise, ¿vale? Despois o da limpeza tamén é certo porque de nada vale ter as cousas e telas abandonadas, é unha pena. Algunhas fontes están pois feas, utilizando a palabra máis correcta, feas, non están ben. E bueno, o catálogo das fontes tamén está ben e o das rutas tamén está ben. Aínda que hai xente, os roteiros de sendeirismo, señor Padrón a vostede ao mellor parécelle unha tontería, pero hai xente que lle gusta ver lavadoiros que lle gusta ir á zona de mananciais, pois bueno é unha moción construtiva. E imos votar a favor porque nesta moción, independentemente veña de quen veña gústame e non teño nada que obxectar. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Grazas, boas tardes a todas e a todos. Pois ben, sobre a potabilidade das augas, das fontes e mananciais queremos aclarar que o concello ten a responsabilidade sobre a subministración de auga potable aos fogares, a auga que sae pola villa. Nalgúns casos, e se fora excepcionalmente sobre a auga trasladada en cisternas en casos excepcionais



como xa dixer. A maior parte da veciñanza ten acceso agora mesmo a auga potable a través da rede municipal, co cal non teríamos obrigatoriedade. Tal e como recolle o Real Decreto 140/2003 de 7 de febreiro no que se especifica no articulado a esixencia algunha sobre a obrigatoriedade de que os concellos analicen periodicamente as augas de fontes e mananciais, queda evidenciado así que a Lei non contempla o control de fontes e mananciais. Queda evidenciado así que a Lei non contempla o control de fontes toda vez que o subministro de augas nestes casos está garantido. O PP asegura que durante os seus sucesivos mandatos fixéronse análises de augas de fontes, queremos que poñan os datos enriba da mesa, onde se fixeron eses análises, as facturas que demostran que se fixeron, por que non se publicaron. Si temos constancia de que se fixeron análises so no caso de Loiro e para iso porque era practicamente obrigatorio, así llo esixía a Consellería de Sanidade. Porque o que está claro que o concello fai análises pagados con diñeiro público, os resultados teñen que ser publicados, tanto se cumpren os parámetros como se non os cumpren. O PP fala na súa proposta de que é obriga do concello informar da posibilidade, pero esta é unha información sesgada. O concello si que ten a obriga de informar cando custea as análises con diñeiro público. Si vostedes tal e como aseguran na Comisión Informativa fixeron análises e non os publicaron están poñendo en dúbida o funcionamento do concello, e para que serve o diñeiro público. Serve para iso, o servizo aos cidadáns. En principio so temos constancia de que se realizaron análises do manancial de Loiro, e que foi unha cuestión de salubridade pública de auga que chegaba á villa dos fogares. Hoxe os membros deste goberno cumpren o seu compromiso e son coherentes coa mesma postura que xa mantivemos na oposición, por este motivo, unha das primeiras reunións que mantivemos cando tomamos posesión, foi cos responsables da empresa adxudicataria do servizo de abastecemento.

O sr. Alcalde toma a palabra: Un momento Victoria, un momento por favor. Se baixan o tono, non lles vou impedir falar entre vostedes, pero se baixan o tono, máis que nada por poder gravar e porque as propias persoas que están tomando nota, pedírono elas mesmo, que rebaixaran un pouquiño o tono para poder tomar boa nota das intervencións. Grazas.

A sra. Morenza toma a palabra: Por este motivo unha das primeiras reunións que mantivemos cando tomamos posesión foi con responsables da empresa adxudicataria do servizo de abastecemento e un dos principais temas que abordamos foi o da análise da auga das fontes. Temos unha listaxe de trinta e dúas fontes de manancial que son máis ou menos usadas pola veciñanza. Viaqua presentou un presuposto para facer este tipo de análises, e tendo en conta a cantidade que existe no concello e considerando que non é obrigatorio facer estas análises, encargouse facer unha primeira análise na



fonte do Alén. O resultado indica que esta auga non é apta para o consumo. Seguiremos facendo análises nas fontes que máis utiliza a veciñanza, e tendo en conta tamén a dispoñibilidade económica, posto que o pago, como explicamos en Comisión Informativa do subministro da auga potable de Loiro, en tanto non se resolve o expediente de municipalización da auga, atesoura a maior parte de gasto desta partida. Vostedes que estiveron no goberno, son coñecedores que na maior parte das análises que se poden facer interveñen múltiples factores, que os parámetros varían en tan so unhas horas e que polo tanto os resultados non son definitivos. Damos por feito que hoxe as concelleiras do Partido Popular saben que na maioría das ocasións os resultados de análises de fontes e mananciais, arrojan resultados que verifican que estas augas non son potables pola presenza de fertilizantes.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar.

A sra. Morenza toma a palabra : purinas, bacterias, preguicidas, restos fecais, etc., grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar por favor. Grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: Grazas señor Alcalde. Imos ver. Por empezar por algún lado. Señor Padrón, si quitamos o máis importante como vostede pretende que é dotar de partidas orzamentarias ou levar a cabo este tipo de actuacións, mal vamos. E segundo, si estamos fomentando por un lado o turismo no noso concello e si quitamos o que temos e metemos cousas que non hai que está todo nunha nube, no limbo, véxase o Museo da Gaita de Fole, e non potenciamos o que temos, eh?, falando do punto 5 para darlle un plus de protección a este tipo de construcións e demais, pois así mal vamos, non imos aceptar a súa emenda.

Señora Morenza, vostede acarrea problema sobre problema. E dígollo. Agora resulta que lle toca levar temas tamén de sanidade. Non o entendo. Creo que iso que é un cometido máis do Bloque Nacionalista pero xa llo endosaron o tema de sanidade e saúde pública, xa llo endosaron tamén. A min gustaría pensar que a analítica feita en Sobrado non se fixo de forma particular e si se fixo, si se fixo unha analítica municipal, con recursos municipais. Pediremos, pediremos todos os datos. Si queren entrar co tema da auga de Loiro, cando queira temos un debate e eu explicaríalle a vostede e todos os que estamos aquí, e máis dun e dunha se enterarían de todo o que hai por detrás do tema da auga de Loiro, neste preciso momento. Insístolle, quedan dous anos de lexislatura e xa llo digo e que quede gravado e que así conste en acta, penso que dentro de dous anos non van ter solucionado o problema da auga de Loiro, así que non poña como escusa para levar este tipo de intervencións o tema da auga de Loiro porque saneamento, unha parte importante que se podía facer, que no seu momento



vostedes prometeron 50.000 euros do plan provincial da Deputación para acometer un pequeno saneamento, e digo así, un pequeno saneamento, desviárono o primeiro ano para un lado e o segundo ano para outro. Ese é o interese que teñen vostedes polo tema da auga de Loiro. Entón se queren entrar nese debate, perfecto. Eu dende logo cando queira eu estou disposto a debater. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas a vostede. Señor Ramón por favor.

O sr. Padrón toma a palabra: Primeiro, cando se fala débese escoitar. Eu non dixen que era unha tontería o das rutas de sendeirismo. Eu non sei se vostede está atento cando alguén fala. Eu dixen que o punto número seis, porque nós vamos a ver, nós vamos a aprobar unha moción no que nós consideremos que é razoable, se nós estivéramos no concello, o aceptaríamos para facelo. Nós non estamos de acordo en organizar roteiros de sendeirismo ou percorridos turísticos a través destes lavadoiros. Entón ese punto non o aceptamos. E logo para darlle un plus de protección propoñemos incluílos no catálogo, no planeamento urbanístico xa aparecen eses como aparecen outro tipo de cousas. E logo, nós dixemos, eu non dixen que era unha tontería o sendeirismo, iso díxoo vostede, a min non se me ocorre iso. Suprimíamos o punto seis pero no punto un, aparte do que é o punto un que estamos de acordo, engadíamos informar da súa situación na páxina web e nos folletos de rutas de sendeirismo, ¿vale? Entón agora, espero que non volva dicir o mesmo. E logo, pensamos que o punto tres, o punto catro e o punto cinco, organizar un plan de limpeza, oía, manter estes lavadoiros limpos e adecentados, non fai falta un plan de limpeza, iso é o que ten que facer o concello tódolos anos como fai coas estradas e como fai con todo, ¿non? Non fai falta facer un plan específico sobre iso. Simplemente mantelos limpos como dicimos nós, manter estes lavadoiros limpos e adecentados cun cartel de auga non potable, se é o caso. Tampouco se poden facer analíticas periódicas porque non, porque a analítica, primeiro, seguramente o 90% das analíticas de todas as fontes do concello ían a dar que non é potable, tal como son os parámetros hoxe dos análises que ordenan os laboratorios. Non sei se é porque se queren vender auga embotellada ou non, pero fixan uns topes

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten que ir rematando señor padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Que seguramente estas augas non o van a dar ningunha fonte do concello. O que si, como dixemos antes se poña realmente un papel de non potabilidade cando existen xa materiais pesado ou algún tipo que non se pode beber.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar.

O sr. Padrón toma a palabra: E nada máis simplemente iso.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas.



A sra. Varelas toma a palabra: Dixer o que dixen antes, que estamos de acordo coa moción e dicirle ao señor Padrón que aquí somos libres para votar cada un o que queiramos. E si que estou atenta cando vostede fala pero tamén pónase atento cando eu diga as cousas. Non dixen que diga unha tontería pero vostede dixo que iso que non, que non, que non lle da importancia. A min unha cousa que non se lle da importancia é unha tontería coloquialmente dito, e bueno, para vostede ao mellor non lle ten importancia e para min si. Iso non quere dicir que eu teña máis razón que vostede nin vostede máis ca min. Temos que empezar a respectar un pouco o voto dos compañeiros e non xulgar tanto o que se vota, porque cada un ten representación e pode votar o que quere. Entón, nada, volver a dicir que si estou de acordo, que non se pode chorar o diñeiro en cousas importantes como é analizar as augas. Que se non son potables no concello nas fontes, pois que se poñan carteis en todas as fontes e que se informe de que non son potables. E algo lóxico, manter limpo as cousas que son nosas pois tamén é primordial, porque se nós temos un patrimonio que o temos sucio e descoidado pois estamos dando unha imaxe de concello pobre, de concello de que non hai ganas de facer nada. O sexa penso que temos un pouco que mirar pola estética do noso concello que está, nalgúns casos, abandonada. Non me vou a meter no pasado, nin no futuro. Vamos a falar un pouco en presente. E en presente digo que bueno, que é unha moción que vexo que é viable, que non se pode estar falando tanto de diñeiro porque tamén é certo que as partidas orzamentarias tamén se poden derivar e cambiar cando hai algo urxente como pode ser analizar as augas. Que non podemos sempre estar dicindo que non hai diñeiro. O sexa, é como a economía dunha casa, non hai diñeiro para algunhas cousas pero se ven algo prioritario hai que sacar o diñeiro de onde faga falta. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede. Ten a palabra o voceiro, non, ten a palabra a señora Victoria Morenza, perdón.

A sra. Morenza toma a palabra: Bueno, repito que hai trinta e dúas fontes, e que trataremos de analízalas todas na medida do posible. Lembrarlle tamén que quedan excluídas segundo o decreto 140, destas análises obrigatorias por parte do concello, as de abastecemento individual e domiciliario e as de fonte natural. Continuando coa liña argumentaria de antes, saberán vostedes tamén que unha análise dunha fonte ou manancial, é aleatorio, xa llo dixen. Porque todos os factores mencionados poden provocar que as análises varíen en tan so unhas horas. Pódense facer análises e faranse pero isto non é unha ciencia exacta. Sobre a elaboración dun catálogo de fontes, lavadoiros e mananciais pregámoslle ao Partido Popular que non tente dar leccións de pulcritude neste tema, porque os primeiros que non cumpriron coas súas obrigas foron vostedes. Lembrámoslle que o PXOM



aprobouse en 2002 e non incluíron este catálogo no plan de urbanismo, e pasaron outros trece anos sen que vostedes deran nin un so paso para facer un catálogo de bens municipais. Pois este goberno si que o vai facer. Xa demos os primeiros pasos, e non porque nos lo pediran vostedes. E sobre a rehabilitación destes bens dicirlles que os e as concelleiras do Partido Popular alegrámonos de que estean tan ben informados. Hai que ter en conta que as memorias elaboradas polo arquitecto que presta servizos a este concello, presentadas ao plan de actuación dun obradoiro, do que supoño que son coñecedores, de emprego, que se solicitou recentemente, foron datadas o 23 de marzo. E a moción do Partido Popular foi datada o 27 de marzo. Non creemos nas casualidades pero habelas hainas. Nestas memorias de actuación está previsto rehabilitar lavadoiros, non sei se teñen este dato, aínda non lles chegou o Decreto da alcaldía pero supoño que xa o teñen, pero hoxe lembro á veciñanza tamén, que está previsto rehabilitar lavadoiros nas Lamas, Sobrado, Pontón e Barbadás, pero xa supoñemos que están informados, antes como dicía de que lle cheguen os decretos da alcaldía. Tamén saberán que hoxe as compañeiras do Partido Popular, que o plus do que falan vostedes se se catalogan os lavadoiros e as fontes, tamén introducen un alto nivel de restrición sobre estes elementos patrimoniais e conlevan unha servidume sobre a veciñanza que vive na contorna. Con iso non queremos dicir que sexa negativo, simplemente dicimos que o plus do que falan tamén inclúe un plus social.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten que ir rematando señora Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Pero a guinda da moción do Partido Popular é o punto sétimo, na que falan de devolverlle un torrente hídrico axeitado ás fontes que actualmente carecen del. Non sei se queren que nos encomendemos á Santa Bárbara se queren conectar estes mananciais á rede municipal, se queren que lle insuflamos auga cunha cisterna do líquido elemento ou algún outro tipo de milagre, porque doutro xeito non entendemos como queren vostedes que interveñamos sobre o curso da natureza.

O sr. Alcalde toma a palabra: Remate, por favor. Grazas. Ten vostede un minuto. Señor Manuel.

O sr. Fernández toma a palabra: Si, para contestar a cada un dos voceiros que interviñeron neste último apartado. Señor Padrón, a vostede cando se nomea a palabra plan parece que lle da un pouquiño repelús. Plan quere dicir iso, planificar que é o que este goberno non fai. Señora Morenza, é curioso que diga que as analíticas varían. Lémbrese vostede o que dixó cando xurdiu o problema do arsénico nas augas de Loiro. Lémbreo. Que esa analítica e eses parámetros levaban alí tempo o que pasa que non se quixeron sacar ata certo momento. Lémbrese, agora si que as analíticas para vostedes



cambian, claro. Levamos, dicía vostede, si nos enteramos por os decretos da información. Mire, nós temos información oficial e xogamos con información oficial, pero voulle dicir unha cousa, sobre este tema levamos desde mediados de febreiro sen recibir as actas das xuntas de goberno, xa me dirá vostede como vamos a ter coñecemento de distintas cousas como vostede dicía. E falando de encomendas, mire, si algúns sitios se teñen que encomendar e si alguén do divino se teñen que encomendar eu voulle facer unha recomendación que ademais elle da zona, a vostede e a o señor Padrón. Pasar por debaixo do Penedo de Tangaraño. E ao nomeamento de aquilo de señor San Benito este goberno te traio, doente cho deixo devólvemo sano. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. ¿Votos a favor? No, no. ¿Abstencións? ¿Votos en contra?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PsdG-PSOE, do BNG, do Partido Popular e de Democracia Orensana, e cos votos en contra do Grupo Mixto o seguinte acordo: “ **Moción do Partido Popular de Barbadás sobre a catalogación e posta en valor das fontes, lavadoiros e mananciais do municipio.**”

5. MOCIÓN DE DEMOCRACIA ORENSANA RELATIVO AOS TABOLEIROS DE ANUNCIOS DOS POBOS DO CONCELLO DE BARBADÁS.

A sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao quinto punto, que é a moción de Democracia Orensana relativo aos taboleiros de anuncios dos pobos do concello de Barbadás. Ten a palabra a súa voceira.

A sra. Varelas toma a palabra: Democracia Orensana por Barbadás, despois de comprobar nos distintos pobos do concello, os bandos que se colocan en sitios indebidos, como por exemplo nos postes de luz, de teléfono e portas de casas particulares. Isto nos parece unha aberración estética, xa que está prohibida ás empresas e particulares colocar publicidade en fachadas e sitios inadecuados, polo tanto o concello ten que dar exemplo de como se fan as cousas. Así mesmo damos unha imaxe de concello pouco moderno e atrasado. Propoñemos en primeiro lugar, poñer en todos os puntos estratéxicos dos pobos, varios, bueno un taboleiro, como ao principio ao medio e ao final. E en segundo lugar, arranxar e limpar os que xa temos. Esta é unha moción ben sinxela e fácil. Nada, despois xa de estar comprobando como están os bandos colocados, o que dixen o outro día na



comisión informativa, que me parece que xa vai sendo hora de que sexamos un concello moderno, un concello organizado, en pequenas cousas como estar, é onde se ve que as cousas están polo menos funcionando. Porque o que está claro é que eu son dona dunha casa e péganme uns carteis como está na praza do pobo de Loiro, pois non me parece coherente. A min non me gustaría que na miña casa pegaran os bandos e esa casa ten propietario. E colocalos nos postes da luz, e de teléfono, pois tampouco é o sitio adecuado porque entón tamén a xente que ten empresas tamén pode empezar a colocar nos postes da luz, publicidade das súas empresas. Entón nada, o que vos dixen o outro día, non proponho en que material ten que estar feitos estes taboleiros o que si o que dixo Victoria o outro día é certo, que ten que en tódolos concellos ter a mesma imaxe, non podemos nun pobo poñer unha forma e outro doutra. Pero bueno, agora cando se invista diñeiro, o que si se pode facer en material que o cabo dun ano ou dous non estea roto, torcido ou obsoleto, porque ao final se facemos remendos e gastamos diñeiro, que sexa para tempo. Penso, que nunha táboa mal colocada non é o que eu proponho. Non é solución. Tampouco é solución que o señor Padrón dixen, porque nos pobos non podemos por o que el propuxo nunha moción que si estaría ben para a Valenzá, un panel que non son os mupis, eu entendín perfectamente que non son mupis o que vostede pediu, dando información. Pero bueno, iso non é viable para cada pobo, entón, en cada pobo si por como temos en Loiro, na entrada de Loiro, pois así por varios, polo menos dous ou tres. Estaría moi ben polos nas prazas dos pobos sobre todo cerca das igrexas, non nas fachadas das igrexas obviamente, pero cerca das igrexas, porque a poboación que temos no rural é xente maior, e é xente que realmente os ve. Entón, polos en sitio estratéxico. Non é cuestión de por catro ou cinco, senón colocar dous ben colocados, que se vexan. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas a vostede. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Estamos de acordo coa moción. Si nalgún sitio falta nalgún punto pregúntelle as asociacións de veciños e coloquen algún máis e nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Señora Fina Varelas que saiba de entrada que nós imos a apoiar esta moción ou rogo. Case como un rogo porque realmente entendo que isto o trae vostede nos rogos e llo van a facer. O sexa, eu creo que vostede dicía que outras cousas son, imos dicirlle, non llo vou tomar a mal, unhas tonterías. Isto pode ir en rogos perfectamente, ¿vale? Pero si llo imos apoiar porque é unha mellora e ten vostede toda a razón do mundo. O que si, vostede dicía vostede na comisión informativa, que non lle dera tempo de ir a outros pobos. Efectivamente noutros pobos, Sobrado, temos fotos, se



queren velas nas tablets, imos ver. Si están postos en zonas privadas, ¿vale? Entón, se quere, algúns sacáronnos. Casualidades como di vostede señora Victoria, pois que de repente se saquen para que non os vexamos, pero si están postos. E o que si lle digo, que bueno, estes días, non sei me imaxino que xa ten a información de que nos estamos reunindo coas asociacións de veciños, pero mire, creo que a señora Fina Varelas non o sabe, pero vai acorde coa súa moción. Nunha asociación de veciños chocounos que cando xa acaba o prazo de inscrición, lle poñen os carteis. Pois entón, a ver, isto estaban postos correctamente nun local social, pero xusto nos comentaron os veciños de alí que cando se enteran é que xa pasou o prazo de inscrición. Entón, díganllo a quen corresponde porque non é normal. Aparte de colocalos mal, colócanos en prazo e en tempo, para que a xente poda inscribirse nos actos que, ou nos cursos que ten o concello. O que dicía vostede, señora Victoria, imos ver, dicía que bueno que non hai diñeiro, que todo o leva a auga de Loiro, que agora mesmo, pois bueno, saben que cumpriron a regra de gasto e que se pode volver a utilizar o remanente, creo. Segundo o informe que nos chegou nos últimos decretos. Entón, se hai diñeiro, creo que esta moción que creo que todos estamos de acordo, os veciños teñen que estar informados, e creo que poden, nuns taboleiros ou incluso nunhas cristaleiras como temos nas Lamas, que xa deixáramos nós postos, que na propia asociación de veciños cambian cando vostedes llo levan, creo que non é tan custoso. Como dicía na comisión informativa, creo que non me equivoco, que dicía que era carísimo comprar uns taboleiros, non sei, dixo que non, non sei, ao mellor xa mesturo as cousas, pode ser. E nada máis, que estamos de acordo nisto. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas, señora Chelo Vispo.

A sra. Morenza toma a palabra: Parécenos unha proposta moi construtiva, que pode vir na forma de rogo ou de proposta segundo decida, non é o outro grupo para decidir o que fai o grupo que está aquí representado. Ninguén é quen para xulgar a ninguén. Evidentemente esta é unha demanda veciñal de hai moitos anos que se nos ten plantexado a tódolos grupos estivéramos na oposición ou estivéramos no goberno. Xa comentei na comisión informativa que se empezaron a poñer taboleiros novos. En Bentraces continuaranse poñendo, temos algún en remanente. En ningún momento dixen que eran custosos porque non é unha cousa que encarezca moito. Trataremos de poñelos, hai algúns pobos que están moi ben servidos porque teñen taboleiros, teñen corchos ou lugares onde poñer os carteis. Hai outros como poden ser Loiro ou Sobrado que sí, que adoecen deste tipo de taboleiros, entón evidentemente esta é unha proposta coa que estamos todos de acordo e que se vai tratar de levar a cabo o antes posible.



O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Bueno, dicirille á señora Chelo Vispo que non lle teño que agradecer que a aprobe. Vostede, cada un, cada partido político vota o que considera oportuno. Tamén calquera partido político pode levar a moción que considera oportuno. Vostede non é quen para dicirme a min como teño que facer o meu traballo. Se non lle gusta, abstéñase. Porque pode vir en rogos. Si vostede esta dicindo porque pode vir en rogos e preguntas. Eu non me meto no que vostede presente. Por favor. Estou falando e me parece que

O sr. Alcalde toma a palabra: Volvo insistir, non busco coartar a liberdade de expresión entre vostedes, pero un pouquiño máis baixo, un pouquiño máis baixo.

A sra. Varelas toma a palabra: Bueno, o que estaba dicindo. Eu non me meto o que presenta o Partido Popular. Presenta as mocións que lle da a gana. Eu aprobo as que quero

Bueno, eu aprobo as que considere oportunas, pero tamén me gustaría que respectaran non a min, nin a miña compañeira, senón ás persoas que me votaron, e aquí estase faltando moito ao respecto porque non é vostede quen para xulgarme. Si si, pode vir, esta moción pode vir en rogos e preguntas, ven como moción, e se a vostede non lle gusta con absterse ou votar en contra teno moi fácil. Bueno, pois non teño moito máis que dicir que o que dixen, que temos que empezar a dar exemplo de concello moderno e empezar a inverter o diñeiro en materiais que queden para un futuro. Non gastar o diñeiro en materiais, que en dous ou tres anos se vexan vellos porque ao final o que dixen antes, gastase dúas veces e gastase máis, nada máis, Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. ¿Señor Ramón Padrón? Nada que dicir. Voceiro do Partido Popular. Voceira. ¿Cantas intervencións van? Si van dúas. Tócalle a vostede, si.

A sra. Vispo toma a palabra: Señora Fina Varelas

O sr. Alcalde toma a palabra: Fina, Fina quería dicir.

A sra. Vispo toma a palabra: Eu dixen Fina, dixen Fina Varelas. Dixen, señora Fina Varelas. Bueno. A ver, sigo. Eu non lle dixen que mo tiña que agradecer. En ningún momento, mire. E eu son libre de opinar, meu grupo e eu como neste caso portavoz da súa moción, ¿vale? Nós podemos opinar como queiramos, temos liberdade absoluta como vostede acaba de dicir agora mesmo. Pero recórdolle que vostede na comisión informativa, díxolle ao señor Alcalde que el xulgara as mocións se eran ou non eran, ou debíamos de levalas ou non debíamos levalas. Eu recordo, eu non sei se soño se estou nas comisións .

O sr. González toma a palabra: No pleno anterior, no pleno anterior.



A sra. Vispo toma a palabra: No pleno anterior foi, ¿vale? Entón, vostede díxoo, a ver. Bueno, eu non sei se estou soa.

A sra. Varelas toma a palabra : A non, non, si, no pleno anterior que había que levar

A sra. Vispo toma a palabra : Claro, estou falando de vostede.

O sr. Alcalde toma a palabra: Dixo nunha comisión, nunha comisión

A sra. Vispo toma a palabra : Non, no pleno.

O sr. González toma a palabra: Está na acta do pleno, que o señor Alcalde xulgara as mocións que trouxeramos os grupos políticos, pois o señor Alcalde ten potestade e capacidade para xulgar moralmente

O sr. Alcalde toma a palabra: O voceiro ou a voceira neste caso é Chelo.

A sra. Vispo toma a palabra : Non, non, déixolle a el porque el pertence ao Grupo Popular.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero tenlo que dicir, non van intervir os dous. Prosiga vostede por favor, e os tempos.

A sra. Vispo toma a palabra: Vou nese camiño, señora Fina Varelas. Vamos a ver, vostede mesma o dixo, pero cando di unha cousa logo non se acorda polo que vexo. Entón, a ver. É unha opinión moi libre, pero xa lle dixen que a íamos aprobar, que non ten ningún problema, que estamos de acordo co que dixo, ¿vale? Pero non se poña así, non se enfade, nós temos liberdade para opinar.

O sr. Alcalde toma a palabra: Por favor, Fina. Rematou señora Chelo, ¿si?, grazas, Señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Nada dicirlle a señora Consuelo Vispo que os taboleiros que ela di que deixou o seu grupo político, non funcionan, collen humidades, non son os máis acaídos, evidentemente. Pretendían ser unha solución oportuna para que non entraran as humidades, pero todo o contrario, entran as humidades, os papeis móllanse, dan unha mala imaxe, o corcho estalla, entón non presuma, porque non dan bo resultado.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Eu vou a falar por alusións antes de que se fagan a votación, simplemente para dicir que eu entendo que o alcalde como representante democrático de toda a corporación e da cidadanía, non é quen para xulgar ou non xulgar o que un grupo político presenta. Para iso están as comisións informativas e é onde se debe ditaminar, penso eu. ¿Votos a favor?



Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:
“ **Moción de Democracia Ourensana relativa aos taboleiros de anuncios dos pobos do Concello de Barbadás.**”

6. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO DE BARBADÁS PARA A MELLORA DA SEGURIDADE NA ALDEA DE BARXA, PIÑOR, SAN LOURENZO.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Grupo Mixto de Barbadás para a mellora da seguridade na aldea de Barxa, Piñor, San Lourenzo. Ten a palabra o seu voceiro.

O sr. Padrón toma a palabra: Esta é unha problemática que tiñamos para traer ao pleno porque visto que non se fai nada neste lugar, pois, queríamola traer como moción. E cobrou actualidade estes días co derrubamento dun muro antigo na propia estrada, xusto na aldea de Barxa, o que xa significa un perigo real do que falamos aquí na moción.

Como é sabido a aldea de a Barxa na parroquia de Piñor, é un núcleo que se encontra moi preto do barrio ourensán de Vistahermosa. Ata o ano 1999, data na que se fixo o vial de comunicación coa capital, este lugar so estaba habitado por unha familia, pois a estrada remataba por debaixo da igrexa de Piñor e continuaba cara Ourense un camiño de terra. A apertura do novo vial, descubriu a moitos condutores un acceso rápido e eficaz á cidade de Ourense. O que nun principio foi unha obra ben feita, co paso do tempo está a xerar problemas sobre todo na aldea de a Barxa. Estes problemas derívanse na falta de previsión para ofrecer unha vía alternativa ao paso pola aldea como houbese sido a través de Ousande. Co paso dos anos o incremento no paso de vehículos é un feito constatable. Cada vez son máis as persoas que a utilizan diariamente, non so da zona de Piñor senón tamén do concello de Toén. O tempo que se emprega en chegar ao concello de Ourense é a metade do que se inviste a través de Cabeza de Vaca, ou do barrio da Carballeira. Do mesmo xeito as persoas que acceden dende Ourense van en aumento unha vez que se decatan da proximidade e do fácil acceso. Hai que dicir que tamén medra o número de viandantes. O feito de carecer dun arcén fai perigosa a súa presenza polo estreito do vial. Isto podería ter solución tendo sempre en condicións o camiño que transcorre paralelo doutro lado do regato. A construción desta nova infraestrutura trouxo consigo tamén o rexurdir desta aldea olvidada do noso concello. A día de hoxe xa se rehabilitaron varias vivendas e construíronse outras novas, co que se fixou poboación permanente que contribúe cos seus impostos ao concello. Sen



embargo, tamén acarrea atrancos como son o da seguridade do tráfico que a cruza, tanto para os condutores como para os seus propios habitantes. Dende Compromiso por Barbadás, consideramos urxente que se empece a tomar en consideración un problema que vai a máis cada día que pasa, e que de non tomar medidas eficaces canto antes, pode provocar algún tipo de accidente do que despois non vale a pena lamentarse. O paso pola aldea é extremadamente estreito como ocorre noutros núcleos dos pobos do resto do concello, pola cercanía entre as casas vellas nun tempo no que so había carros. A diferenza aquí, é que o pobo o cruza unha estrada, que une a segunda parroquia do concello máis o veciño Toén co mesmo centro de Ourense, e coas saídas da capital cara todas as direccións. Os problemas medran, e ao tempo que se redactaba esta moción ocorreu un feito que ven a demostrar o urxente de tomar medidas. Un muro dos antigos a carón das casas, cedeu pola presión do tráfico sobre a estrada, ademais de pola erosión que provocan as augas do inverno. Polo tanto é necesario emprender actuacións para minimizar estes problemas que poidan xurdir. Compromiso por Barbadás hai un mes presentou unha moción urxente.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón. So un momentíño, xa excede o tempo pero remate a moción.

O sr. Padrón toma a palabra: Vale. Que o PP rexeitou que se levase a pleno grazas ao número de concelleiros, bueno xa sabedes como foi o tema. O segundo punto da moción recollía instar ao concello de Ourense a que fixese o mesmo no seu treito, pero lamentablemente os traballos a día de hoxe están sen executar. Queremos polo tanto poñer enriba da mesa unha serie de medidas razoables e prácticas que entendemos contribuirán a mellorar a calidade de vida destes veciños e aportar seguridade ao resto das persoas que utilizan esta vía para os seus traslados diarios. Como xa dixemos antes esta estrada acumula cada día que pasa máis tráfico, co que o problema so tende a agudizarse. Estamos falando dunha inversión tamén en futuro. A Barxa é un enclave que pode medrar como está facendo na rehabilitación de vivendas. A súa cercanía con Ourense é unha aposta sobre seguro. É obriga do concello garantir a seguridade dos seus moradores, os habitantes do concello sosteñen a este cos seus impostos, polo tanto debemos de garantir os servizos básicos da súa veciñanza. Polo tanto, logo desta exposición de feitos, ao seu debate no pleno, solicitamos deste a adopción dos seguintes acordos. E si iso non utilizo o segunda quenda de intervención e nada máis, creo que xa vai bastante explicado.

O sr. Alcalde toma a palabra: Van catro minutos e quince segundos.

O sr. Padrón toma a palabra: Non, non, pero non utilizo o segundo, vale. Os acordos:





- 1.- A colocación urxente dun medidor ou contador de paso de vehículos para verificar realmente a incidencia do tráfico rodado neste vial. Pode solicitarse ao organismo competente ou adquirilo. Existen dispositivos cun custe baixo no mercado que poden valer perfectamente.
- 2.- Unha vez recabada esta información, a elaboración dun informe polo persoal técnico competente do concello, no que se detallen as actuacións preferentes para estreimar a seguridade no paso pola aldea. Colocación de redutores de velocidade adecuados, redución da velocidade a vinte quilómetros por hora, etc.
- 3.- Que dito informe lle sexa remitido aos grupos municipais antes de xuño de 2017. Que se informe tamén á veciñanza deste núcleo dos resultado do informe.
- 4.- A colocación urxente dun espello para facilitar a saída dende o centro da aldea ao vial principal.
- 5.- A colocación de sinalización provisional mentres non se elabora o informe definitivo que visibilice o perigo do paso polo núcleo, ademais dos traballos que se van realizar polo muro derruído.
- 6.- O arranxo dalgunhas cunetas onde se levantou o firme de asfaltado.
- 7.- A limpeza e conservación do camiño de a pe que transcorre paralelo á estrada pola outra beira do regato, e a súa sinalización co que evitamos o perigo que supón a presenza de persoas transitando pola vía, sobre todo nas horas de pouca luz.
- 8.- A poda das árbores da curva antes da igrexa de Piñor, a colocación dunha vaia protectora acorde co entorno. Lembrar que entre esta vexetación hai un muíño de pedra de interese etnográfico. Esta actuación xa está en trámite, segundo a nosa información con permiso incluído da Confederación Hidrográfica.
- 9.- E lembrar, que tamén nesta zona non hai recepción de internet. Nada máis e moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Orensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Nada, despois de ler a moción, de ter lido punto por punto, estamos de acordo en todas, xa que as cousas que están mal hai que arreglalas e van en beneficio dos veciños. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. González toma a palabra : Boas tardes a todos e a todas. Don Ramón, non estamos na mesma, no mesmo pleno. Hai que repasar as cousas antes de traelas, eh! En primeiro lugar nós non estamos en contra do fondo da súa moción, daquelas, senón que lémbrolle a vostede que levaba xa tres ou catro mocións metidas xa pola vía de urxencia, o cal non permitía aos demais grupos estudalas, e así se quedou de manifesto. Entón nós rechazamos a urxencia, non o fondo da moción que estábamos de



acordo. Ademais non se xustificaba tampouco a urxencia daquelas, e encima pois bueno, non estaba nin ben presentada nin, nin ben presentada nin ben redactada. Nin realmente era unha moción en si. De feito nin sequera tiña o punto dous. Eu teño a moción aquí, non sei onde sacou vostede o punto dous, aquí non hai o punto dous de instar a ninguén en Ourense nin a nada. Hai o punto un que é instar ao concello de Barbadás e nada máis. Polo demais, en canto ao fondo da cuestión, non cabe dúbida que si que estamos de acordo e que vamos a apoiala. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora concelleira Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra : Pois ben, a perigosidade do derrubamento do muro que afecta ao firme da calzada de Barxa, acendeu as luces vermellas no concello de Barbadás. Implementouse a sinalización e encargouse ás poucas horas un proxecto técnico, que xa está rematado dende o luns da semana pasada, que o temos aquí por se o queren consultar. A tramitación administrativa seguirá o seu curso para a reforma do vial neste tramo. A construción dun muro de contención e a rehabilitación dunha cuneta na marxe dereita, a habilitación dunha cuneta na marxe dereita e obras de mellora na cuneta que xa existe, porque con toda probabilidade as augas da choiva que circula soterradamente, que taponan unha parte desta cuneta e que non teñen saída, poden ser a causa posible do derrube. Acerca da moción de Compromiso por Barbadás, dicir que a colocación dun medidor de vehículos xa está sendo tramitada. A elaboración dun informe para estreimar a seguridade, é unha boa iniciativa que xa empezou a bosquexarse dende que o arquitecto comezou a elaborar o proxecto. A colocación dun espello parece ser unha solución idónea para incorporarse ao vial principal, tal e como se está facendo nos últimos meses; a colocación de espellos para mellorar a seguridade viaria en diferentes puntos de todo o municipio de Barbadás. Sobre a colocación de sinalización provisional dicir que o arquitecto que elaborou o proxecto considera que as sinais provisionais de limitación de velocidade, de advertencia de estreitamento da calzada e de obras na estrada son suficientes por agora. Estudárase a proposta de arranxo dalgunhas cunetas e terase en conta a suxestión de limpar o camiño paralelo que baixa dende Ousande. Sobre a colocación dunha valla no coñecido como Regato do Cura, informar a toda a corporación, de que temos dende hai meses un proxecto para arranxar a seguridade nesta curva que está pendente do informe favorable da Confederación Hidrográfica. O muíño é de propiedade privada, o concello non pode intervir. E sobre a recepción de internet, queremos explicar que este goberno fixo sucesivas xestións ao longo do último ano ante Movistar para que a recepción chegue coas pertinentes condicións de calidade, pero segundo puidemos saber, o escaso número de usuarios e usuarias que se beneficiarían, provocan que a empresa non queira investir neste núcleo. Por outra



banda o goberno fixo xestións cunha empresa de ámbito provincial de redes wifi para que preste servizo a esta zona, posto que recentemente estase instalando na zona do Mundideo. Precisamente é unha cuestión que está pendente de solventarse, pero que estamos pendentes deste e doutros casos de lugares puntuais nos que non reciben a internet coa calidade debida.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. A súa última intervención. O segundo non, pero vai o terceiro, por iso, quédalle un minuto. Non sei se queren intervir entón vostedes. ¿Quen interveu? A vostede Manuel. Non quere o segundo, usou o seu tempo na primeira intervención. El ten dous minutos entón, ten vostede dous minutos, agora.

O sr. González toma a palabra: Don Ramón, chegou tarde outra vez. Xa está todo feito. Vámonos para a casa. Xa lle fixeron todo. Ten o proxecto entón que estamos facendo aquí, un paripé, un paripé, un paripé, ¿verdade? Aí ten todo, o proxecto, ten todo, menos o do muíño, o demais ten todo. Bueno, pois está ben, está ben. E a dona Victoria dicirille que igual que fai esas xestións a ver si fai a das redes wifi, que xa démoslle a vostede unha das mocións que metemos recen entrado aquí, a ver si xa as fai. Menos mal, menos mal. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Tócalle a vostede. Por iso a vostede.

A sra. Morenza toma a palabra : Moitas grazas. Bueno, evidentemente todas estas presas veñen non porque o compañeiro Ramón Padrón presentara esta iniciativa, porque evidentemente non sei, non sei detalladamente a iniciativa. Penso que non ven o do proxecto, porque está claro que un muro que cae, que pon en perigo a seguridade dun vial que comunica o concello de Barbadás co concello de Ourense, é unha prioridade estea quen estea no goberno, e presente quen presente á moción ou se produza do xeito que se produza. Era unha emerxencia, produciuse imaxínense un luns ou un fin de semana e ao cabo duns días estaba o proxecto feito, porque é unha obra de emerxencia. Xa se fixo incluso unha transferencia de crédito, para que exista crédito para afrontar esta obra. É unha emerxencia de seguridade viaria que tanto lle preocupa ao Partido Popular. Non sabemos, si tanto lle preocupa a seguridade viaria e tanto lle preocupa que colguemos todo na páxina web, porque aínda non colgaron no Youtube o famoso pleno extraordinario que vostedes solicitaron, do que tanto falamos de seguridade viaria, e que a poboación, hai poboación, hai persoas que me teñen preguntado en varias ocasións porque o PP non colgou ese vídeo en Youtube. O sexa ese video, ese pleno.

Xente na rúa me ten preguntado, tanto interese teñen en que publiquemos todo na páxina web, sen embargo vostede non publican os vídeos que non lles interesan. Nos que non quedan ben parados. E sobre o tema das redes wifi, evidentemente, estamos facendo as nosas xestións, e vaise poñer en



marcha no local social das Lamas, como experiencia piloto, unha rede wifi e vamos estudar, e vamos ir mirando a aceptabilidade que ten a implantación deste tipo de rede, e deste tipo de novas tecnoloxías para ilo implantando progresivamente nos lugares, e nos locais máis utilizados, sobre todo por a xente que ten acceso ás redes sociais, que ten teléfono móbil. Hai lugares pois que ao mellor vai outro tipo de poboación, no que tamén estudaremos poñelo, pero ao mellor neses non teñen tanta prioridade, pero hai lugares que xa temos falado todos os compañeiros. O concelleiro de participación cidadá é o que ten en mente un coñecemento máis profundo diso, e estamos traballando niso. Noticia bomba, no pobo onde vive a líder da oposición, vai ser o primeiro sitio onde se poña a rede wifi. Casualidades da vida, eh! Porque é un dos centros sociais que ten máis actividade do concello.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ademais cinguiuse ao seu tempo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, ten un minuto.

O sr. Padrón toma a palabra: A nosa obriga é traer aquí ao concello, ao pleno as demandas dos cidadáns que cremos razoables, está claro. Non vamos a traer todo o que nos piden, senón o que realmente cremos razoable, e esta é unha demanda que cremos razoable. Estrukturámola creo que ben, que son accións de goberno que se poden facer. Non sabemos se o goberno, está claro, xa as está facendo ou non. Polo visto hai algunhas que están en trámite. De momento, non hai espello. Se o poñen, pois alegrámonos. A sinalización provisional que puxeron, para nós non é adecuada. Hai que poñer sinalización provisional 200 metros antes xa para advertir do perigo, non 20 metros antes. E do muíño, nós non pedimos aquí que se arranxe o muíño, xa sabemos que é privado. Simplemente na poda das árbores, desde a estrada vese o muíño, o que tamén alegra a vista, porque é un ben etnográfico, que aínda que sexa privado, pero merece a pena velo. E nada máis. Seguiremos traendo mocións que sexan un ben para os veciños e se o goberno está xa traballando nelas ou recaba algunha, algunha, como se di, fóiseme, algunha idea máis pois mellor. E tamén posicionamos ao goberno para que se as aproba que teña que estar comprometido a facelas. Nada máis. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. É o momento da votación. ¿Votos a favor?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “**Moción do Grupo Mixto de Barbadás para a mellora da seguridade na Aldea de A Barxa (Piñor, San Lourenzo)**”



PARTE DE CONTROL

10- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De conformidade co establecido no artigo 50.2 do ROF (RD 2568/86 do 28 de novembro, e o artigo 22.2a) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello Pleno queda informado das resolucións de alcaldía ditadas dende a sesión anterior do Pleno.

A Corporación queda enterada das mesmas.

11- ROGOS E PREGUNTAS

O sr. Alcalde toma a palabra: Previamente facer unha pequena aclaración ao señor Manuel. Cando vostede dixo que na información que se facilitou en relación á contratación dos dous auxiliares de policía local, fálase aquí da conta xeral do presuposto do exercicio 2015, a do 2016 aínda está sen aprobar. Esa é a de liquidación tamén, están sen aprobar. Ata xuño están sen aprobar. Aquí ao final, na última páxina. A conta xeral do presuposto. O concello de Barbadás conta cun plan de saneamento financeiro aprobado inicialmente, tal. Argumentación, puntos 3, 4 e 5 do final. Simplemente é unha aclaración, non é. Si pero fala da liquidación do presuposto. A liquidación do presuposto non está. Claro pero a do 2016 está sen aprobar. Apróbase en maio, xuño do 2017. Porque fai referencia a do 2016. Está claro. Estase elaborando e de feito hai un acordo co sindicato

Si pois nada. A dación de contas, teñen vostedes toda a documentación e pasamos a rogos.

O sr. Padrón toma a palabra : Si, rapidamente. Pedímoslle ao goberno que coloque un paso de cebra enfronte á parada de autobús urbano de Ourense que fai a súa parada na Finca Fierro, que a día de hoxe non existe e é necesario porque a xente transita pola, que ven de arriba, do hospital de Piñor, ven pola beira rúa da esquerda, e ao chegar alí non ten un paso de cebra para cruzar enfronte ao autobús. Ten que baixar abaixo ata onde está a carnicería. Entón o sitio adecuado para ese paso de cebra é enfronte, ben. Pedimos un paso de cebra para alí.

Pedimos tamén un contedor de plástico tamén para o mesmo sitio, onde para o autobús en Finca Fierro. So teñen un dos verdes. E outro para a Barxa, que tamén so teñen un dos verdes que lle coloquen alí un contedor de plástico. E que recolquen o sinal que levaron que anuncia o paso de cebra enfronte á carnicería de Cabeza de Vaca, tamén. Había un sinal anunciando o paso de cebra que hai alí, e ese sinal caeu, ese sinal caeu, no está despois do cartel da entrada de Barbadás, baixando a



dereita, onde se colle á dereita para baixar pola pista empinada. Había alí un sinal, Eu creo que non, pero bueno. O sinal de Barbadás está máis abaixo. E xusto onde se sigue para baixar por a costa empinada. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Grupo Democracia Orensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Grazas. Nada, dicir que os pasos de peóns, varios na Valenzá están borrados, entón que procedades a pintalos porque hai xente que se me ten queixado diso. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. O Partido Popular.

A sr. Fernández toma a palabra : Si, vamos a ver. Primeiro un rogo.

O sr. Alcalde toma a palabra: E que estamos en rogos.

A sr. Fernández toma a palabra: Si, si. Sería, vamos a ver. Hai uns contedores fronte ao colexio Luis Vives que están metidos xustamente na calzada, en plena curva, e aí téñenos comentado diferentes veciños e xente que pasa por alí sobre todo conductores, que impide a visibilidade ao dar a volta a esa curva. Están concretamente á marxe esquerda indo ao Carrefour. Si mirades pois para colocalos nun lugar máis idóneo. E despois tamén para poder levar a cabo o noso traballo en condicións requirimos que se nos pasen, polo menos con certa frecuencia as actas da xunta de goberno, pois nos decretos si figuran certas cousas que nas actas da xunta de goberno veñen, ou non, dependendo do tema. Levamos desde mediados de febreiro sen recibir ningunha acta da xunta de goberno. Si, si tal cal.

O sr. Alcalde toma a palabra: As actas están ao día.

O sr. Fernández toma a palabra : Penso que a última foi a do 17 de febreiro, a que se nos pasou. Revisádeo por se acaso, ¿vale?, Creo que a última foi a do 17 de febreiro, creo, facendo un pouco de memoria.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos a preguntas. ¿Fina ou Julia? Ningunha. ¿ Partido Popular? As preguntas pásenas despois por escrito. Non van dar lugar a debate. Simplemente fagan mención delas e nada máis.

O sr. Fernández toma a palabra: Si bueno, pois a pregunta vai dirixida á concelleira de Cultura. Quixéramos saber porque se están a presentar solicitudes dun curso, concretamente do curso de manipulador de alimentos, ¿na Casa da Cultura? Pois pregunto porque á mañá certificáronmo ademais desde a Casa de Cultura os traballadores de alí. Nós nun principio, vamos a ver, a xente comentounos iso, que se están a presentar alí, que se lles está requirindo, que as solicitudes do curso de manipulador de alimentos do CET que se presentaran na Casa da Cultura. E así mo verificaron incluso á mañá os



traballadores de alí. Porque preguntamos isto, polo tema do rexistro. Á solicitude hai que darlle un rexistro oficial e non é un sitio idóneo nin ten rexistro dende logo para darllo. Nada máis. Grazas.

A sra. Vispo toma a palabra : Vai dirixido, bueno, son informes que o metemos en preguntas porque en rogos, non. Vai dirixido ao Alcalde pero máis ao concelleiro do BNG. Sabemos que houbo unha inspección na gardería, equeremos un informe desa inspección e se houbo algunha sanción, porque chegounos un rumor, que o deixo aí, porque non sei exactamente se é certo ou non. Vostedes cren que temos información pero non a temos, como dicía antes a señora Victoria Morenza. Vamos a pedilo mañá por escrito coas preguntas, un informe sobre esa inspección na gardería e se houbo algunha sanción para o concello. Despois vamos a pedir a raíz do que dicía vostede señor Alcalde, das contas do 2016, chegaronos nos decretos, por iso nós pensamos, a ver, tódolos informes de tesourería, onde se presentan as contas do 2016, onde efectivamente se cumpre a regra de gasto. Entón, segundo, a ver, xa sabemos que a certo tempo aínda a señora Interventora non sabe si se ía a cumprir ou non, pero chócános que sempre se comentou que para o 2017 non se ía cumprir a regra de gasto, e vemos que si se cumpre, ¿non? Imos pedir un informe a tesourería, ¿cales son os ingresos que se aumentaron? Porque a colación disto ven que si efectivamente se aprobas os Presupostos Xerais do Estado, loxicamente por aumento de habitantes no concello, van a vir máis ingresos, pero ten que haber algún tipo de subvención que se meteu aí a maiores, porque non entendemos que de repente se cumpra a regra de gasto. Non sei si, bueno. A ver, imos pedir ese informe. Tranquilo que non

O sr. Fírvida toma a palabra: A min o que me consta é que cumprimos regra de gasto pero non estabilidade. Cumprir regra de gasto supón que podemos aplicar este ano, no ano 17, o superávit que teñamos na conta do número 1 ao 7, os sete primeiros capítulos de gasto e de ingresos do plan, do orzamento do concello. Que está redondeando as cifras, pero poden ser ao redor de 100.000 euros. É dicir, poderíamos usar 100.000 euros. Pero como non cumprimos estabilidade orzamentaria, non podemos usar o remanente que temos dos anos anteriores. ¿Cal é o obxectivo, seguir, gastar so eses 100.000 euros? Cumprir regra de gasto e estabilidade orzamentaria no 17 para poder gastalo no 18. A non ser que vía Presupostos Xerais do Estado se derogue a Lei actual de Estabilidade Orzamentaria, e se nos permita utilizalo.

A sra. Vispo toma a palabra: Estase nunha mesa de negociación xa con iso. Dende o 1 de marzo, non sei porque dicía o partido...É a colación, non vou a entrar. Hai unha mesa de negociación que dicía que non. A ver está, desde o 1 de marzo.

A sr. Alcalde toma a palabra: Que si que si, que se esperaba. Eu o que dixen na miña intervención é



que se esperara precisamente

A sra. Vispo toma a palabra : Estamos entrando en debate

A sr. Alcalde toma a palabra: Vostede faga a súa intervención en relación ás súas preguntas. Foi en colación..

A sra. Vispo toma a palabra : Que Vennos ben a todos, a todos nos chegou

A sr. Alcalde toma a palabra: Eu o que dixen foi precisamente que había unha mesa de negociación na que participaba o goberno e a Federación Española de Municipios e Provincias. Que aproveitaran esa mesa de negociación e non trouxeran unha moción aquí para iso. Que esperaran ao resultado a esa mesa de negociación.

O sr. Fírvida toma a palabra: Chelo, so por aclarar. Non temos permiso aínda para gastar ese diñeiro. As contas están, as plataformas están sen entregar na Xunta de Galicia, e unha vez presentadas temos que chamar á Xunta para pedir permiso.

A sr. Alcalde toma a palabra: Prosiga.

A sra. Vispo toma a palabra: Era a dúbida que tínamos, ¿vale? Pero de todas maneiras vaise pedir ese informe. Despois, vamos a ver, imos pedir, temos coñecemento de uns escritos que presentou a técnico de a Casa da Xuventude porque para nós sigue sendo a Casa da Xuventude, non sei se son coñecedores os outros grupos políticos, pero creo que hai un problema con un concelleiro aquí presente, entón bueno, eu creo que isto, que o señor Alcalde vai ter que tomar medidas, ou algo pasa, porque teremos que estar todos informados de que está pasando. Eu déixoo aí, porque ata que teñamos ese escrito, cousa que non temos neste momento, non podoo falar, pero si iso é así, a información que temos neste momento non me parece normal, ¿vale? Despois, vamos a pedir facturas, vamos a ver, facemos o traballo, pedimos todas estas facturas para poder un pouco controlar todo o tema de gasto. Entón, cos decretos que temos, os metemos todos no pleno en vez de facer ao longo de todo o mes, pois metemos todas as preguntas e toda a información para logo poder estudala, porque chégannos todos xuntos e non damos feito. Aínda que parezan moitos, pois se os meteríamos cada semana, metemos todo, ¿vale? Do decreto da alcaldía do 7 de marzo, temos, Maquinor, unha escaleira 688 €, e logo temos dúas facturas de lavadoras, que entendemos que bueno, se son para a gardería perfecto, pero non entendemos para onde é. Outlett Factory, 387. Despois obras, fontes e xardíns, José López Sánchez, 189. Mobiliario urbano Parques de Castilla, papeleiras e bolardos, 1200. istos bolardos que nos expliquen para onde é, 1268. O mural de Rosalía de Castro, de Devane y B SL, 726 €. Entendo que gastar 726 €, Rosalía de Castro, todos lle temos, a cultura está aí, pero bueno, 726 €, é unha



opinión persoal. José López Sánchez, mantemento parques e fontes, 181. Placas de calles, 300. Navendi ropa de policías, do cal nos alegramos que por fin, 1542, teñan a roupa adecuada.

A sr. Alcalde toma a palabra: Unha pregunta, se saben para que é para que piden a factura, intrígame, francamente.

A sra. Vispo toma a palabra: Porque queremos ver na factura que é o que se comprou. A ver, non creo que nos poñan vostedes impedimento en querer saber.

A sr. Alcalde toma a palabra: Non, non, por suposto que non. É que me intriga, non poño impedimento. Eu dixen que me intrigaba.

A sra. Vispo toma a palabra: Vostede dixo que non ía entrar a debate. Porque facemos ben o noso traballo e creo que, mire, os vídeos que dicía dona Victoria, vainos ver pero nalgún sitio que non lle van a gustar.

A sr. Alcalde toma a palabra: Eu non llos vou a ver, pode telo por seguro. Non lle miro esas cousas

A sra. Vispo toma a palabra: Vostede non que non os controla, pero creo que dentro de pouco vanse levar unha grande sorpresa de que non lle vai a gustar onde os van ver. Valinfor, 123. Bermello, outra lavadora, 259. La Voz de Galicia, subscrición, 335. Sinalización camiño de Cerredo, 1.339. Despois, do 23 de marzo. Muebles, eh, bueno, nada, iso non. Canon copiadora para o concello. Compraron dúas copiadoras, unha de 1.815 e outra de 3.400. Despois, Ernesto Iglesias, o que lle dicía da informática, que seguimos sen entendelo, como outras cousas que temos aquí. Lectores para o concello, PCs, escáner, 2.200, 1.700. Eu non sei se con isto están vendo que hai uns gastos que se repiten por varias empresas de informática. Non, non si xestión.

A sr. Alcalde toma a palabra: Gestiona, que se chama a empresa Gestiona

A sra. Vispo toma a palabra : ¿Gestiona?, pero é Ernesto Iglesias.

A sr. Alcalde toma a palabra: Para a plataforma, para a plataforma. Para a plataforma da sede electrónica, da administración electrónica.

A sra. Vispo toma a palabra : Pero entón, antes vostede díxome que o levaban por outro lado e agora é Ernesto o que fai

A sr. Alcalde toma a palabra: O material.

A sra. Vispo toma a palabra: Ah, vale. Vale. Despois Charanga Os Chispas, actuación de 800 €. José Manuel Fernández, bueno, a sonorización escenario móbil carnaval, 934. A factura da ambulancia. E logo Radio Popular, publicidade 1.210 €, queremos saber que cubriu esta publicidade. E vamos a ver, voulle pasar outras por escrito que temos aquí. O de Radio Popular. Maria Dolores



Rubín, comida banco de alimentos, 2.045. Eu non sei se ten algo que ver coas, non sei que é o banco de alimentos, 2.045 €. Había aquilo das cestas de nadal, pero eu non sei a que se refire isto. Despois María Dolores Rubín, a cesta de nadal de Protección Civil, 74,30, que non temos nada en contra pero di lle imos sacar a colación algo disto. Despois, Fundación Vicente Risco, actividades culturais 710. E despois, Esecycle SI, base móbil, 2.252, non temos nin idea que é isto. Non o pon nas facturas, entón temos que pedilas porque non temos nin idea. E despois por último, os informes que imos a pedir son os seguintes: Pedimos para que saiban os outros grupos políticos, que pedimos listados de terceiros, son estas follas, e é de cada empresa que nós vemos que ten unha facturación, pois normalmente nos decretos, moi seguida, pedimos estos listados. Non sei se saben que hai un aparellador, ou arquitecto, eu non sei dicir exactamente, Cristina e Diego que é o que son, non sei se é arquitecto ou aparellador, porque o descoñezo, pero Cristina Gómez Dobarrío, leva como uns sesenta e pico mil euros de facturación neste concello. E Diego Conde, pois non o sumei aínda porque nolos deron a semana pasada e non tiven tempo, pero si imos pedir informes sobre coordinacións e dirección das obras, cando nunha mesma obra, dirixe e logo coordina, e pasando facturación de tres mil e catro mil. Mire, para que o entendan, dirección de obra ampliación camiño da Granxa, 3.400. Dirección de obra, ampliación camiño da Granxa, 2.091, e dirección en obra ampliación camiño da Granxa, 421. O sexa, non entendemos, sinceramente todas estas facturacións da mesma obra. O sexa, eu creo que nos teñen que dar explicacións, por iso temos que pedir todo isto, porque sinceramente, que unha persoa tendo un aparellador e un arquitecto neste concello a tempo parcial, que factura, como se pode gastar case 100.000 euros, case, digo, porque non podo poñer a cifra exacta, en todo o que fixeron co remanente, que imos a sacar.

A sra. Morenza toma a palabra: Os proxectos téñenos que facer técnicos, Consuelo. Os proxectos fannos técnicos, fannos enxeñeiros de camiños. Antes facíao un, agora diversificamos un pouco.

O sr. González toma a palabra : Despilfarro.

A sra. Morenza toma a palabra : Isto o Partido Popular

A sra. Vispo toma a palabra : Señora Morenza, non vou entrar en debate, pero mire vostede os do antigo Partido Popular.

O sr. Alcalde toma a palabra: Do antigo Partido Popular, cambiaron de partido.

A sra. Vispo toma a palabra: Non, refírome da antiga xestión que fixo o Partido Popular. A ver, cando quere entender, entende. O sexa, seguimos aquí, grazas a deus. Bueno, non poña cortina de fume. Isto si que o van a ter que especificar aos veciños cando saquemos todo, porque o remanente de



tesourería, si están as obras que vostedes, pedimos un informe, e non cadra con todo isto. Pero bueno. Despois, o de Wurthz, o de Wurthz. Pedimos a listaxe de terceiros e aparece o dos 21.659 máis os soportes e ampliacións e todo isto, que sigo dicindo, ¿vale? Que nos van a ter que facer un informe, porque entendemos que isto non vai para ningún lado.

O sr. Fírvida toma a palabra: Está feito.

A sra. Vispo toma a palabra : Vale. O de Élite Gallega, o informe que imos pedir, se comprobaron como no anterior pleno dixen, as facturas cos decretos. ¿Comprobarano?

A sra. Morenza toma a palabra: ¿non é o noso traballo?. Comprobar facturas con decretos.

A sra. Vispo toma a palabra : E logo que é o noso.

A sra. Morenza toma a palabra : No, pero vostedes pediron unha serie de facturas. Facilitáronselle as facturas, non fixeron máis preguntas que iso.

O sr. González toma a palabra : Se lle olvidou.

A sra. Vispo toma a palabra : Fixemos a pregunta

A sra. Morenza toma a palabra : Cincuenta e dúas facturas e non fixeron ningunha soa pregunta. Porque o fan co afán de investigación. O último listado do 6 de marzo non fixestes preguntas. Pedistes un listade

A sra. Vispo toma a palabra : Pleno. No último pleno. Está na acta.

A sra. Morenza toma a palabra : Si, si o listado de facturas

O sr. Alcalde toma a palabra: Si pero sempre se dixo que fagan as preguntas por escrito.

A sra. Vispo toma a palabra: Non hai problema, entra mañá, non hai problema ningún, non hai ningún problema. E creo que non teño nada máis, así resinable. Pedimos tamén o tema dos gatos, ¿vale? Non estamos en contra dos animais nin moito menos, pero si que hai que controlar todo o tema de gastos. Vaise pedir un informe porque bueno, ímolo deixar aí.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben. Vostedes deixen todo aí. Voulle aclarar unha pequena cuestión nada máis, para que o saiban todos os veciños e veciñas de Barbadás. Protección Civil, esa factura que pregunta vostede de 76 euros, é unha cesta de nadal que se lle entregou precisamente por facer un traballo denodado, a favor desta comunidade, denodado e desinteresado a favor desta comunidade, que son os veciños e veciñas de Barbadás. O mínimo que se pode ter con eles é un detalle

A sra. Vispo toma a palabra: Pero ninguén dixo o contrario.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vostede pregunta e eu xa o aclaro. Vostede preguntou.

A sra. Vispo toma a palabra: Pero é que pon, insinúa que nós dicimos que pedimos.



O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo, eu a vostede non lle estou facendo ningún reproche. Estoulle contestando a esa pregunta. Nada máis. ¿Queren a factura? Por suposto que a van ter, pero eu xa aclaro a que correspondo e porque é ese asunto. Nada máis. Estou no meu dereito tamén a facelo, ¿verdade que si?

A sra. Vispo toma a palabra: Claro.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Levántase a sesión.

As preguntas contestaranse por escrito.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE